


O CANDIL

Maio 2001

Nº 25



LETRAS GALEGAS 2001

IMAXINA QUE...

(VII CONCURSO DE CONTOS)

Unha vez máis, é xa é a 7ª, que co gallo da celebración do **Día das LETRAS GALEGAS 2001** poñemos nas vosas mans ós gañadores do **CONCURSO DE CONTOS** que anualmente organiza o CEIP 'A PEDRA' de BUEU.

Queremos mostrar o noso máis sinxelo agradecemento a tódalas persoas que colaboraron con nós, e que sen elas non poderíamos realizar este traballo. Un recoñecemento moi especial a tódolos mestres/as do CEIP SEQUELO de Marín, CEIP CARBALLAL de Marín, CEIP A GUÍA de Moaña, CEIP TIRÁN de Moaña, CEIP ABELENDO de Moaña, CEIP DOMAIO de Moaña, CEIP A RÚA de Cangas, CEIP CASTRILLÓN-COIRO de Cangas, IES ILLA DE ONS de Bueu, de CEIP de BELUSO de Bueu, VIRXE MILAGROSA de Bueu, CEIP A PEDRA de Bueu, e a todo o alumnado participante neste VII Concurso de Contos.

Case que tódolos debuxos que acompañan ós contos son do mesmo autor do relato; aqueles que non posuían debuxo foron ilustrados por compañeiros do mesmo nivel.

***“Son... es... somos... Imaxina. fumes
de pensamento con protagonistas de vidas
nunca narradas polos cronistas
que enchen ocos nos corazóns e nos sonos.”***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Profesorado e alumnado do Colexio Público de Bueu
Equipo de Normalización Lingüística
Antonia Castro García e Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño Meira e Xosé L. Fdez. Aldegunde
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN : 1137-1994

LETRAS GALEGAS 2001

Año 2001:


ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (1864-1949)

NACEU EN SAN CLODIO, CONCELLO DE LEIRO, PROVINCIA DE OURENSE. MOI NOVO MARCHOU A A CORUÑA ONDE TRABALLOU COMO FUNCIONARIO MUNICIPAL E REALIZOU UN IMPORTANTE LABOR DE XORNALISTA, COLABORANDO EN PUBLICACIÓNS COMO "REVISTA GALLEGA" E "GALICIA", E DIRIXINDO OS XORNAIS "LA MAÑANA" E "EL NOROESTE"

FOI POETA PREMIADO NOS MÁIS PRESTIXIOSOS CERTAMES DO PAÍS E RECOLLEU A SÚA OBRA NOS LIBROS:



A MÁIS NOTABLE APORTACIÓN DE ELADIO É O "DICCIONARIO ENCICLOPÉDICO GALLEGO-CASTELLANO" NO QUE TRABALLOU TODA A VIDA SEN CHEGAR A VELO PUBLICADO, XA QUE FOI EDITADO EN TRES VOLUMES POR GALAXIA, CO PATROCINIO DA CASA DE GALICIA DE CARACAS, A PARTIR DE 1958.



ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ FOI UN DOS 40 MEMBROS FUNDADORES DA ACADEMIA GALEGA, DA QUE FOI PRESIDENTE DESDE 1926 A 1934.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Política Lingüística

HISTORIA DA VIAXE DUN ANACO DE MADEIRA

1º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autor: **ALBERTO ALDAO ALDAO**

Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Eu son un anaco de madeira chamado Chip e vouvos contar a historia da miña vida.

Nacín nun país de África, xunto cos meus irmáns de tronco.

Cando medrei fun trasladado coa miña familia nunha gran máquina de madeira chamada barco. Arribei ó porto duna vila galega chamada Marín e alí deixáronnos estancados nun almacén.

Despois de quedar sos 3 días veu unha escavadora que nos levou a un camión, este, de súpeto, empezou a andar; a viaxe nesta nova máquina non foi tan longa coma as outras.

Chegamos a unha fábrica onde despois de bascularnos bruscamente deixáronos repousar ata que chegara a vez de cada un. Cando chegou a miña vez unha braza xigante levoume a unha cinta transportadora. Aparecín nun lugar escuro e tenebroso onde me trataban facéndome cóxegas, lavábanme, raspábanme, perfilábanme e outras moitas cousas máis ata chegar a un recipiente do que non me lembro nada, só sei que ó saír de alí sentíame bastante raro. Despois de que me poñeren pastas e uns aneis empezáronme a chamar caderno. Xuntáronme con outras cadernos iguais ca min e ... ¡Antes tamén eran anacos de madeira!

Todas nos preguntamos ¿pero que nos pasou?. Comezamos por dar unha volta polo lugar onde nos tiñan almacenadas e descubrín, por sorpresa, que todos os meus familiares se converteran en folios, panos de papel, contos...

Ó día seguinte leváronnos a unha tenda ou librería e moitos rapaces empezaron a cegar de tódalas partes para mercarnos.

Pouco despois os rapaces escribían enriba de nós letras diferentes, unha eran alongadas, outras grandes, gordas, pequerrechas... e incluso ias que hai que mirar con lupa!

Non sei como o estará a pasar a miña familia, pero eu estouno a pasar en grande e ademais tamén aprendo. Cando me esgotan tíranme á reciclase e despois de pasar uns procesos volvo a ser un caderno novo. Isto é como se volvera a nacer.

Fai ti o mesmo cos meus compañeiros.



A BUSCA DE NERÓN

2º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autora: **SHEILA LOBEIRA MARTÍNEZ**
IES 'ILLA DE ONS' DE BUEU

Coma un xoves calquera eu estaba na miña casa escoitando música cando, de repente escoito chamar por min. Saín á ventá. Quen me chamaba era a miña curmá Charito.

Preguntoume se vira o seu can Nerón. Como non o vira, respondílle que non. Propúxome ela entón que a acompañara e que foramos as dúas na súa busca. Eu aceptei.

Decidimos ir ó monte na súa procura e metémonos por un camiño que non coñecíamos, e quedamos asombradas ó decatarnos de que o noso monte tiña unha lagoa. Nunca a víramos. Estaba toda chea de pólas das árbores, de follas... mais, era unha lagoa inos tiñamos unha lagoa! Púxonos ledas tal descubrimento. Os veciños debían sabelo. Trataríamos de limpala e recuperala para a aldea.

Seguimos andando, mentres íamos falando das nosas cousas, xa cansas de andar polo monte, decidimos baixar para a estrada e como non había camiño, tivemos que facelo por unha tomada. Era arriscado, pero sempre tiñámo-la esperanza de que en calquera momento íamos atopar o noso canciño.

¡Meu Deus!, outro achado. Agora estabamos pampas ante o que descubriran os nosos ollos. Ante nós apareceu unha fermosísima fervernza. Miña curmá que ía andando toda chea, a mirar cara tal marabilla, bateu coa carapa duna árbore e caeu. Deu un tomo e quedou toda lixada. E todo polo can.

Cando xa estabamos na estrada decidimos coller cara á esquerda ata chegarnos á pista onde vivía outra curmá nosa. Estivemos esperando alí por se Nerón estaba na casa dela. Mais Nerón non apareceu. Xa cansas de o buscar collemos o camiño de volta, pero, de súpeto vimos o can de miña avoa e tivemos a idea de segui-lo por ver se nos levaba xunto de Nerón.

Seguimos a Lucky, así se chamaba o can, aínda que non con moito disimulo, pois o can da miña avoa é moi listo. Meteuse por un carreiro, pero nin rastro de Nerón. Estivemos berrando por el moitas veces, pero nada, non contestaba.



Moitas horas pasaron na súa busca ata que por fin, escoitamos uns ladridos que proviñan da outra banda do monte. Corremos ata a aba do monte e, de súpeto miramos como algo se movía por entre as herbas altas dunha veiga. Acercámonos a explorar e quedamos desencantadas porque tampouco era Nerón.

¡Agora si que o é! - dixo Charito – Alí viña Nerón todo cheo coa súa nai. Cando nos viu, moveu o rabo e correu coma un toliño para saudarnos. Estabamos tan cansas que decidimos repousar deitadas sobre a herba duna veiga, pero antes atamos a Nerón, non fora que nos volvera escapar.

Despois de xogar. Eu púxenme a saltar por riba dun tronco e díxenlle a miña curmá que probara. Gustoulle. Cando me tocou a min de novo, caín e moito lle debeu gustar iso a Nerón polo que deu en ladrar. Finalmente levamos a Nerón á casa. Nerón non fala, mais eu notáballe que estaba triste pola trasnada que fixera de escapar. Menos mal que ten unha nai moi lista e sempre está pronta para ir a buscalo.

Non sei que pasaría se perderamos o noso can. Teremos que ir ensinándolle que non debe darnos estes sustos

MOHAMED

3º PREMIO - CATEGORÍA D (1º ciclo da ESO)

Autora **JULIO VILLANUEVA PÉREZ**
Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Mohamed é un neno que naceu en Marrocos, pero que veu nunha pateira coa súa nai ó pouco de nacer.

A viaxe en pateira foi moi perigosa pero chegou san e salvo.

Cando chegou a súa nai quedou moi desilusionada porque isto non era como ela pensaba, entón decidiu deixar a Mohamed nunha casa de acollida é ela marchou por aí.

El criouse na casa de acollida cunhas persoas moi amables e cariñosas que o coidaban coma se fosen os seus propios pais.



Cando tivo 16 anos decidiu marchar do fogar para buscar un traballo, pero non era fácil xa que non había moito e o pouco que había éralle negado por causas que el pensaba que se debían a súa raza, aínda que falaba en castelán e tiña cultura cristiá, os seus trazos eran mouros e iso no lugar onde vivía non era algo ben visto.

Conseguíu un traballo nun invernadoiro e isto axudoulle a saír adiante e buscar a súa nai, iso era algo co que xa soñaba no orfanato. Pero non era nada fácil buscar a alguén por unha fotografía de 16 anos antes. Decidiu buscar nos arquivos da garda civil nos que saen tódalas persoas que foron repatriada a Marrocos.

Era moi difícil pero el ía tódolos días despois de traballar e revisaba unhas 40 persoas por día ata que un día, cando xa parecía que non fora repatriada, atopou a alguén que se parecía moito á da foto.

Alí aparecía unha dirección en Marrocos, entón el dubidou en marchar ou quedarse, e ó final decidiu ir a xunto á súa nai.

No seu país de orixe tivo un encontro moi feliz coa súa nai pero logo duns meses deuse de conta de que a súa vida non estaba en África, propúxolle a súa nai volveren xuntos a España pero ela non quixo, o mozo decidiu volver só, seguiría en contacto coa nai, mandaríalle diñeiro e visitaríaa de cando en vez.

O corazón de Mohamed estaba dividido entre España e Marrocos, non sabía se era dun sitio ou doutro, había cousas nos dous lugares que non entendía... pero, aínda así, pensou que tomaba a decisión axeitada, despois de todo un é máis de onde se cría que onde nace.



O ZAPATO Ó QUE NON LLE GUSTABA ANDAR

1º PREMIO - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor **NEREA GARCÍA PAREDES**
CEIP de BELUSO (Bueu)

Había unha vez un zapato ó que non lle gustabas andar.

O zapateiro o había intentado todo... encerábao e volvíao a encerar e despois o facía brillar.

¡Pero o zapato non quería camiñar!

"A herba fai cóxegas na miña sola e a grava ven a molestar.

A chuvia dáme arrepíos.

Dóeme ata o talón ó andar.

O sol faime transpirar, meu cordón esvara sen parar...

Non me gusta ser zapato: ¡Nin falar!"

Así pois, o zapateiro intentou tinguilo: de amarelo, de verde, de vermello, ou azul... con corazóns ou cadros, e... ¡oh!,

¡Con letras I,A,O!

Facía todo o que podía.

Pero un día dixo: "¡Xa non te quero!" E votou ó zapato nun celeiro.

O zapato estaba moi ledos de poder descansar.

¡Gústame viaxar!

Pero un ano despois, quería deixar o celeiro, sentir a grava triscar, e sobre o parque ir e vir.

Un salto, ¡Halehop! ¡Aquí está, no taller!

¡Oh! grita o zapateiro, ¡Pensaba que o tirara!

¡Combinará moi ben con este que rematei!

Un pequeno encerado, un nó en cada lazo e... ¡Listo para viaxar!

A herba canta, a grava xa non espanta:

¡Que pracer para os zapatos correr!

E de vez en cando o zapateiro que vai andando oe ¡Ja,Ja,Ja....!

"¡Qué risa me da!"

Son os zapatos que rin.



A VENTÁ MÁXICA

2º PREMIO - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor **LETICIA BARREIRO PIÑEIRO**
CEIP 'A PEDRA' de Bueu



Había unha nena chamada Ana que vivía un pobo moi bonito de Galicia. Ana pensaba que tiña a vista mal pero non era así, cría que tiña a mal porque desde a ventá sa súa habitación víase un parque. Mais cando saía á rúa o único que miraba eran edificios e o parque desaparecía.

Ana preguntou un día a súa nai: ¿Por qué cando miro desde a miña ventá vexo un parque e cando salgo á rúa miro edificios? Non o sei dicíalle sempre a nai.

Certo día cando todos estaban a durmir Ana escoitou unha voz que viña da ventá e dicía: "*Desde aquí pódese ver cousas tristes e cousas alegres se eu quero...*"

Ana quedou sorprendida de que unha ventá puidese falar pero dixo: *¿Ti es unha ventá máxica? Si*, respondeu a ventá. Ó día seguinte Ana díxolle a nai: *Mamá ¿sabes que a miña ventá é máxica?* A súa nai sentenciou: *¡Non digas parvadas, Ana!*. Desde entón, tódalas noites Ana falaba coa ventá. Chegada unha noite de inverno que facía moito frío a nai dou en levarlle unha manta para que se abrigase Ana e viu que a ventá estaba falando e cambiaba de imaxes coma se fora un vídeo.

Pouco despois toda a familia soubo a marabillosa noticia e cando estaban tristes chegábanse a ventá para que puxera unha imaxe alegre.



SONOS NO AIRE

3º PREMIO - CATEGORÍA C (3º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor **NOELIA RODRÍGUEZ ANDRADE**

CEIP 'A GUÍA' de Moaña

SONOS NO AIRE

Afonsiño, o cabalo, estaba moi ledó. ¡Era primavera por fin! Xa non chovía e a súa dona Margarita foille sacar o plástico que lle puxera para pasa-lo inverno. Do contento que estaba, quedou durmido. E comezou o seu soño...

No sono namorábase duna árbore moi linda que se chamaba Afonsiña. Ela, que estaba prometida con outra árbore, díxolle a Afonsiño:

-Tes que ir falar co pai do meu prometido para que me deixe libre.

Afonsiño dispúxose a facelo. Cando ía de camiño, atopouse cunhas follas de carballo que espallara o vento. De alí a pouco cruzouse cun pequeno carballo que, con cara preocupada, lle preguntou se vira unhas follas que el necesitaba e que o vento lle quitara.

-Aló atrás están- contestoulle Afonsiño

Naquel intre, mentres recollían as follas, apareceu de súpeto un furioso castor que quería trabar ó carballiño. E de certo o tería feito de non ser por Afonsiño.

O noso carballo acompañou ó pequeno ata a súa casa e alí decatouse de que era a casa do prometido de Afonsiña.

O pai do pequeno carballo, cheo de agradecemento, preguntoulle:


-¿Qué podo facer por ti?

-Só quero que o teu fillo non se case con Afonsiña.

-Vouche dar o que digas. Se ese é o teu desexo, concédocho. ¡Casa ti con ela!.

Coa emoción, o carballo espertou...

¡Qué mágoa que todo fose un sono!.



HISTORIA DUN LIMÓN

1º PREMIO - CATEGORÍA B (2º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor ALFONSO MILLÁN OMIL
CEIP 'A PEDRA' DE BUEU



Unha vez, un limón que estaba no froiteiro dunha casa, a punto de ser convertido en zume, decidiu conta-la historia da súa vida:

“Nacín a pasada primavera nun limoeiro no xardín desta casa. Primeiro fun unha flor moi bonita, chamada de azar.

Libreime de formar parte do ramo de noiva da filla da miña dona.

Puiden medrar ata converterme nun limón pequeno e de cor verde. Pouco a pouco fíxenme máis grande e amarelo.

Fun moi feliz naquel limoeiro, ata que un día arrincáronme e cheguei ata aquí.

Agora, á final da miña vida, sei que despois de ser unha flor, e un limón, teño que ser un zume”.

Esta é a miña vida, esta é a miña historia.

O CAN FELIPE

2º PREMIO - CATEGORÍA B (2º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora: ABRAHAM PARADA OTERO
CEIP A RÚA DE BELUSO

Hai uns corenta ou cincuenta anos canda o meu avó vivía na illa de Ons, tiña un can de palleiro chamado Felipe.

Meu avó era percebeiro e o can sempre quería ir con el, pero ó avó non lle gustaba e non o deixaba. Pero cando o avó chegaba o penedo, o can xa estaba detrás del.

Certo día o avó deulle un percebe, e tanto lle gustou a Felipe, que desde entón o primeiro percebe que collía era sempre para Felipe, xa que se non o can non deixaba de ladrar ata que comía o seu percebe.

Meu avó tíñalle moito cariño mais un día o can non o acompañou porque era o día que tiña que morrer, e o avó quedou triste e sen compañeiro.



A BALEA PERDIDA

3º PREMIO - CATEGORÍA B (2º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor **PABLO ARAGÓN BELOSO**
CEIP SEQUELO DE MARÍN

O Conto de Balia

Unha balea e a súa filla, que vivían preto dunha illa. Alí xogaban a dar saltos e outras cousas.

O baleato chamábase Balia e era moi pequena. Un bo día unha quenlla xurdiu das rochas e Balia moi asustada, fuxiu a todo correr, e cando se decatou estaba soa e perdida.

Ó día seguinte Balia, apurada pola fame, buscaba comida para almorzar. Balia andaba moi triste pois botaba moito de menos á súa nai. Nese momento un barco baleeiro achegouse e Balia acercouse aínda máis, e entón o barco disparou o seu arpón máis afiado. Balia acabou mal ferida e con moita dor se foi. O barco

perseguiuna e botaron a rede. Balia foi capturada, pero estaba tan alporizada que rompeu a rede e escapou nadando a toda presa.

Balia ata estaba chorando de tristeza e cando atopara a súa nai choraría aínda máis, pero de ledicia.

Nese momento estaba en fronte súa un polbo que a miraba con moita pena. O polbo preguntoulle: -¿Que che pasa? ¿Por que choras?.

Balia contestoulle entre bágoas: -Porque me perdín por culpa dunha quenlla.

E vólvelle a pregunta-lo polbo: -¿Por que por culpa dunha quenlla?

-Porque o quenlla atacoume e fuxín correndo, e cando me din conta...iestaba perdida!.

Entón o polbo díxolle que lle ía axudar a atopar a súa nai.

O polbo preguntoulle: -¿Por onde te atopabas antes de perderte?

Balia díxolle que polo sur.


-Vamos cara o sur- dixo o polbo.

Foron ata que atoparon a nai de Balia.

Balia púxose tan contenta que foi a darlle unha aperta a súa nai e dende aquela o polbo foi amigo das baleas.

A
BALEA

PERDIDA



A serea fachendosa

1º PREMIO - CATEGORÍA A (1º ciclo de E. PRIMARIA)

Autora **ALEXIA MIÑÁN MOUREZ**

CEIP CARBALLAL DE MARÍN

Unha serea estaba nunha rocha chorando porque ó día seguinte celebrariase un baile de disfraces no fondo do mar e ela non tiña disfrace.

Pero por alí pasou unha sardiña e preguntoulle:

-¿Por que choras?

E a serea respondeulle: -Porque non teño disfrace.

Non te preocupes, vouche dar algunhas das miñas excamas para que poidas facer un vestido.

A serea estivo toda a noite cosendo as excamas.

Pero sentiu que lle faltaba a pintura para a cara. Por casualidade pasou por alí un lura que lle dixo: -Toma un pouco da miña tinta, con ela podes pintarte.

-Gracias lura, díxolle a serea moi contenta.

Sentiu coma se lle faltasen os colares e mailas pulseiras, entón pasaron por alí unhas 'caracolas' e estrelas de mar que lle dixeron: -Cóllenos e fai colares e unhas pulseiras connosco.

Tiña que lima-las uñas e pediulle axuda o peixe-serra.

A serea mirouse no espello das augas do mar e xa estaba lista para ir ó baile e todos quedaron abraiados ó ver aquel disfrace.

A serea linda que estaba e leda bailou con todos os peixes..



A historia dunha gotiña

2º PREMIO - CATEGORÍA A (1º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor: **CARLA NOGUEIRA PASTORIZA**
CEIP 'A PEDRA DE BUEU'

Érase unha vez unha gotiña de auga, que vivía nun río preto das casas do pobo.

Un día a gotiña pasou por unha serie de tubos e foi parar a unha bañeira chea de auga, estivo un tempo ali, pero logo caeu ó sumidoiro e volveu os entubados ata chegar ó mar, pero xa non estaba limpa, era unha gotiña sucia.

Un día de moita calor a gotiña empezou a pesar menos e subiu cara o ceo onde se xuntou con outras gotas formando unha nube.

Un día de moito frío, comezou a sentirse cada vez máis pesada ata que, sentíndose limpa, caeu de novo noutro río....




A gairola e o colexio

3º PREMIO - CATEGORÍA A (1º ciclo de E. PRIMARIA)

Autor: MAURO ÁLVAREZ MARTÍNEZ

CEIP DE BELUSO



Érase unha vez unha gairola que ía a un colexio á hora do recreo e os nenos dábanlle de comer.

Un día a gairola non foi ó colexio, e os nenos chegaron a casa chorando, non puideron durmir por que estaban tristes, e así pasaron uns días.

O terceiro día a gairola volveu e tróuxolles “gominolas”, e dende ese día nunca máis faltou.

ÍNDICE

CONTO	AUTOR	COLEXIO	PÁX.
LETRAS GALEGAS	ELADIO RODRÍGUEZ		3
HISTORIA DA VIAXE DUN ANACO DE MADEIRA	ALBERTO ALDAO ALDAO	COLEXIO VIRXE MILAGROSA	4
A BÚSQUEDA DE NERÓN	SHEILA LOBEIRA MARTÍNEZ	IES ILLA DE ONS (BUEU)	5-6
MOHAMÉ	JULIO VILLANUEVA PÉREZ	COLEXIO VIRXE MILAGROSA	6-7
O ZAPATO QUE NON LLE GUSTABA ANDAR	NEREA GARCÍA PAREDES	CEIP DE BELUSO	8
A VENTÁ MÁXICA	LETICIA BARREIRO PIÑEIRO	CEI A PEDRA DE BUEU	9
SONOS NO AIRE	NOELIA RODRÍGUEZ ANDRADE	CEIP A GUÍA DE MOAÑA	10
HISTORIA DUN LIMÓN	ALFONSO MILLÁN OMIL	CEIP A PEDRA DE BUEU	11
O CAN FELIPE	ABRAHAM PARADA OTERO	CEIP DE BELUSO	12
A BALEA PERDIDA	PABLO ARAGÓN BELOSO	CEIP SEQUELO DE MARÍN	13
A SEREA FACHENDOSA	ALEXIA MIÑAN MOUREZ	CEIP CARBALLAL DE MARÍN	14
A HISTORIA DUNHA GOTIÑA	CARLA NOGUEIRA PASTORIZA	CEIP 'A PEDRA' DE BUEU	15
A GAIVOTA E O COLEXIO	MAURO ÁLVAREZ MARTÍNEZ	CEIP DE BELUSP	16

